



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN PASIÑO A PASIÑO DE SAN CIPRIAN

Cervo a 8 de xullo de 2016

De unha parte, M^a Isabel Hernández González con DNI 07871573 F, en calidade de presidenta da asociación cultural Pasiño a Pasiño.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora de bases de réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases de réxime local, está interesado en promover e colaborar coa realización das actividades culturais da dita asociación.

SEGUNDO: Que a asociación cultural Pasiño a Pasiño como organizadora das devanditas actividades, solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas.

En base ó anteriormente exposto, o concello de Cervo e a asociación cultural Pasiño a Pasiño asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o concello de Cervo e a asociación cultural Pasiño a Pasiño para a realización das ditas actividades culturais.

Segunda.- O concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.000 € con cargo á partida 320.4891702 a asociación cultural Pasiño a Pasiño, para a realización das ditas actividades culturais.

Terceira.- A asociación cultural Pasiño a Pasiño, comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

A presidenta da asociación Pasiño a Pasiño

M^a Isabel Hernández González